



Suxestión dirixida á Consellería de Sanidade para que se avalíe a posibilidade de trasladar á Mesa Sectorial do persoal estatutario o contido da presente queixa, ao obxecto de negociar a inclusión no baremo, no ámbito da selección de persoal fixo e temporal, de titulacións superiores ás requiridas para os postos concretos a desempeñar

Expediente: A.4.Q/3876/23

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2024

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Don XXX referente ao desacordo coa redacción do baremo para listas de técnico superior por non puntuar un grao universitario.

ANTECEDENTES

Primeiro.- No escrito de queixa presentado indícase, en esencia:

¿Como puede puntuar un ciclo formativo (formación profesional – 120 ECTS) y no contar un grado universitario (carrera universitaria - 240 ECTS)? La importancia de una palabra.

Recientemente se han actualizado las listas de contratación temporal de Técnicos Superiores (TS) del SERGAS, como todos los años por estas fechas, pero también han salido las notas provisionales de la Oferta Pública de Empleo (OPE) de dichas categorías después de realizar los exámenes en Octubre de 2021.

...

Por tanto, la titulación de grado universitario no puntúa para las listas de técnico superior, en cambio si puntúa otro ciclo superior; todo por una palabra “profesional” en la que se excusan una y otra vez a mis reclamaciones, ya que entienden que un grado

universitario no es un ciclo de formación profesional y claro que no lo es, es de MAYOR nivel académico.

Entiendo pues, el SERGAS, con este baremo, no incentiva a seguir formándose y progresar académicamente, ya que la única manera de puntuar por otras titulaciones siendo TS consiste en realizar otro ciclo formativo del mismo nivel académico, ya que si progresas académicamente sólo queda la formación universitaria que, como repito, no puntúa al no tratarse de formación “profesional” como recoge dicho baremo

Segundo.- Vista a súa queixa, solicítase informe á administración no que, en esencia, indica:

Primeiro.- No Servizo Galego de Saúde os baremos no ámbito da selección fixa e temporal, son negociados coas organizacións sindicais no ámbito da Mesa Sectorial do persoal estatutario. Nos últimos anos véñense aplicando na selección temporal das distintas categorías (máis de cen) os baremos aprobados para a fase de concurso nos concursos-oposicións realizados polo Servizo Galego de Saúde. Os baremos resultantes, pretende valorar os méritos que a Administración Sanitaria e as organizacións sindicais entenden relevantes para cada categoría, tendo en conta o nivel de titulación e formación de cada categoría.

Segundo.- En relación coa categoría de técnico superior en imaxe para o diagnóstico, o baremo que se aplica é o seguinte:

- 1.- Formación: 20% (8 puntos) Académica (do título de acceso á categoría) e continuada.
- 2.-Experiencia: 70% (28 puntos)
- 3.-Outras actividades: (10%) (4 puntos)

A) Polo título oficial dunha ou varias titulacións de formación profesional da rama sanitaria, que non sexan requisito para o acceso á categoría na que se participa sempre que teñan, cando menos, o mesmo nivel académico que o esixido para o acceso á categoría: 2 puntos

B) Por traballos científicos e de investigación no ámbito das ciencias da saúde publicacións:

- B.1) Revistas científicas.
- B.2) Libros ou capítulos de libros

C) Por premios a comunicacións en congresos científicos, outorgados por sociedades científicas, organismos oficiais ou entidades sen ánimo de lucro debidamente rexistradas entre cuxos fins se encontre a investigación

No apartado 3 do baremo outras actividades, se ben a persoa interesada non pode obter puntuación de 2 puntos (5% da puntuación total do baremo) pola titulación universitaria de podólogo, si pode obter puntuación máxima do apartado de outras actividades 4 puntos polos traballos científicos e de investigación como podólogo, dado que se trata dunha titulación do ámbito das ciencias da saúde, sendo por outra parte máis probable a realización de traballos científicos e de investigación por parte dun graduado sanitario que por parte dun aspirante con titulación de formación profesional. O baremo recolle pois méritos que son propios de universitarios sanitarios (traballos científicos e de investigación) sen estar unicamente ligados a titulacións de formación profesional.

Esta estrutura do baremo vese de maneira clara en categorías do ámbito funcional de sistemas e tecnoloxías da información. Así no baremo de Técnico especialista en sistemas e tecnoloxía da información C1, valórase o título oficial dunha ou varias titulacións de formación profesional do ámbito dos sistemas e tecnoloxías da información, que non sexan requisito de acceso á categoría, e que teñan, cando menos, o mesmo nivel académico que o esixido para o acceso a esta: 2 puntos, non valorándose estar en posesión de titulación universitaria desa mesma área funcional ou calquera outra titulación universitaria.

Do mesmo xeito nas categorías de Técnico de xestión de sistemas e tecnoloxías da información A2 e Técnico superior de sistemas e tecnoloxías da información A1, valórase o título oficial dunha ou varias titulacións universitarias do ámbito dos sistemas e tecnoloxías da información: 2 puntos, non valorando titulacións de formación profesional nin outras titulacións universitarias.

A valoración das titulacións sanitarias está recollida en categorías sanitarias que esixen para acceder titulación universitaria. Así na categoría de enfermeiro/a valórase o título dunha ou varias especialidades de enfermería recoñecidas na normativa vixente, que non sexan requisito para o acceso á categoría na que se participa: 2 puntos e o título dunha ou varias titulacións sanitarias recoñecidas no artigo 7 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, que non sexan requisito para o acceso á categoría na que se participa: 1 punto.

No artigo 7 da Lei 44/2003 encóntranse incluídos os podólogos, polo que a valoración da titulación que ten a persoa interesada ten cabida e valórase en categorías do mesmo nivel de titulación que a de podólogo.

Cuarto.- Como indica a persoa interesada no Servizo Galego de Saúde non existe a categoría de podólogo, sen prexuízo de que os títulos universitarios de grao habilitan para acceder a outras categorías tales como Grupo Xestión da función administrativa, grupo técnico da función Administrativa ou Persoal Técnico Superior

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira. A queixa presentada manifesta a súa desconformidade co baremo de técnicos sanitarios do SERGAS por non puntuar o grao universitario e si un ciclo de formación profesional.

Segunda.- O informe remitido pola Administración indica que o baremo foi negociado coas organizacións sindicais no ámbito da Mesa Sectorial do persoal estatutario.

Ase mesmo, indica que, pese a non avaliarse a titulación superior no apartado 3 do baremo outras actividades, pola titulación universitaria de podólogo, si pode avaliarse no seu apartado de traballos científicos e de investigación como podólogo.

Terceira.- Deste xeito, non queda expresamente recollida a avaliación no baremo dunha titulación superior, no ámbito das ciencias da saúde, á requirida para o posto.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería a seguinte **suxestión**:

Avaliar a posibilidade de trasladar á Mesa Sectorial do persoal estatutario o contido da presente queixa, ao obxecto de negociar a inclusión no baremo, no ámbito da selección de persoal fixo e temporal, de titulacións superiores ás requiridas para os postos concretos a desempeñar.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.



Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo